

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
Arias Sánchez, Pedro
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
Gutiérrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Pou Saracho, Juan María

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Fernández Souto, Ana Belén
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

Silveira Valledor, Manuel

PAS:

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Caballero Rúa, Armando
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Noia Campos, M^a Camiño
Viña Alonso, Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 19 de xuño de dous mil doce, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O martes día **19 de xuño de 2012**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 24 de maio de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, de criterios da conta de liquidación do “orçamento do exercicio 2011”.
4. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
5. Aprobación, se procede, da modificación de criterios económicos para a xestión académica.
6. Aprobación, se procede, de renovación de comisións de servizo.
7. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de D. Federico Mallo Ferrer como Delegado da Universidade de Vigo na Escola Universitaria de Enfermería-Meixoeiro.
8. Aprobación, se procede, da creación de prazas do corpo de profesores Titulares de Universidade.
9. Aprobación, se procede, do calendario de aprobación de modificacións de titulacións de grao para a súa implantación no curso 2013/14.
10. Instrucións sobre o documento da Consellería de Educación relativo á aplicación da regulación contida no Decreto 222/2011 de 2 de decembro e na Orde de 20 de marzo de 2012 sobre ensinanza universitarias oficiais no SUG.
11. Aprobación, se procede, da Normativa de creación de Empresas da Universidade de Vigo.
12. Aprobación, se procede, da Normativa de Propiedade Intelectual e Industrial da Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, da Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación.

14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Oceanografía (Academia das ciencias de Polonia) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Oceanografía (Academia das ciencias de Polonia) para estadía de investigación – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Privada Antenor Orrego (Perú) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Federal do Pará (Brasil) – 1º Termo adicional ao acordo de cooperación e colaboración para o desenvolvemento científico e tecnolóxico que entre si celebran a Universidade Federal do Pará e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad del Museo Social Argentino (UMSA) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad del Museo Social Argentino (UMSA) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Institut Supérieur de l’Aéronautique et de l’Espace (ISAE) – Convenio de cotutela internacional de tese entre a Universidade de Vigo e o Institut Supérieur de l’Aéronautique et de l’Espace (ISAE) – Convenio de colaboración entre a Universidade do Minho e a Universidade de Vigo para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma de Sinaloa (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Autónoma de Sinaloa (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Luterana do Brasil – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Luterana do Brasil para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Técnica Superior de Xalapa S.C. (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Técnica Superior de Xalapa S.C. (México) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Universidade de Vigo para a impartición de cursos de linguas modernas – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of South Carolina – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of South Carolina para recibir un investigador postdoutoral.
15. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 24 de maio de 2012.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para informar das últimas reunións mantidas e acontecementos máis relevantes dende o último Consello de Goberno:

1. Firma do Convenio marco Eixo Atlántico: trátase dunha alianza estratéxica entre os concellos da Eurorrexión para pór en valor o mar no ámbito económico e como xerador de

emprego en aspectos como a xestión dos portos, a industria da pesca, o turismo e a construción naval. A final de ano prevese que estará finalizada a proposta de estratexia marítima, elaborada por expertos e coordinada polo Campus do Mar.

2. Reunión en Madrid o día 6 de xuño con D. Emilio Lora Tamayo, presidente do CSIC. O encontro ten como finalidade fomentar os acordos tomados polas distintas executivas que conforman a estrutura de gobernanza do Campus do Mar.

3. Reunión con Dna. Carmen Veja, Secretaria de Estado de Investigación, para falar da política científica que afecta á nosa Universidade. No transcurso da conversa, o reitor tamen informar dos obxectivos fundamentais da CRUSOE. O máis salientable, é que a secretaria de estado lle transmitiu o seu apoio á rede científica de campus de excelencia CEIMAR, que coordina a Universidade de Cádiz. O reitor recorda que o apoio do Ministerio de Economía é fundamental neste tipo de proxectos.

4. Conferencia de reitores (CRUSOE) celebrada o 14 de xuño. O seu obxectivo é crear unha alianza estratéxica para acceder aos fondos europeos. O aspecto máis destacado desta reunión é que se abre unha canle de traballo co seu secretariado e o seu equipo, que permite acelerar a execución de decisións que xa están tomadas.

5. Reunión con Dna. Monserrat Gomendio, Secretaria de Estado de Educación. O reitor informa que a Secretaria de Estado se mostrou interesada pola constitución e obxectivos de CRUSOE. A reunión tivo como obxectivo prioritario falar do Real decreto-lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público. O reitor trasladoulle persoalmente o dossier achegado pola Universidade de Vigo á Consellería de Educación, que fai referencia ás suxestións e reflexións sobre algunha das medidas que contén o decreto-lei, particularmente, sobre o incremento de prezos públicos de matrícula e a reorganización do réxime de dedicación do persoal docente e investigador ás actividades docentes. A reunión foi interesante, porque o reitor tivo a oportunidade de transmitir as ideas e enfoques da comunidade universitaria de Vigo. Transmite aos membros de Consello de Goberno que como reitor fai o posible por minimizar e racionalizar o impacto do decreto-lei.

6. Reunión no Consejo de Universidades o 1 de xuño de 2012. Informa, que desde a CRUE se solicitou unha moratoria á entrada en vigor do incremento de prezo da matrícula e, en todo caso, que se limite a súa aplicación aos novos alumnos e que non afecte aos xa existentes. A reacción do ministro foi mostrarse remiso a unha moratoria, porque di que a norma é obrigatoria dende a súa publicación no BOE. Así mesmo, o reitor informa que o ministro manifestou que a súa intención é delegar nas comunidades autónomas a fixación dos custos dentro da pinza que marca o decreto-lei e en función das carreiras. A delegación nas autonomías era un dos obxectivos perseguidos. O reitor informa que ten coñecemento de que a Xunta de Galicia prepara un borrador de prezos públicos; que vai na dirección de axustar a subida na franxa máis baixa das porcentaxes que permite o decreto e asignar un valor aos créditos, segundo se trate de materias de carreiras experimentais e non experimentais, de modo que as subidas dos custos de matrícula sexan o menos dramáticas para as familias. O borrador presentábase para a súa aprobación no próximo Consello Galego de Universidades previsto para o 3 de xullo. Previamente, será presentado para o seu debate aos vicerreitores de economía das tres Universidades.

Adianta que considera que, dado a marxe de manobra que teñen as Comunidades autónomas, a intención é non subir as taxas en primeira matrícula e si facelo minimamente nas 2ª, 3ª e seguintes matrículas. Respecto dos másteres habilitantes para as profesións (como o docente ou o da avogacía), quedan como están, ata poida que custen menos. Con respecto ao réxime de dedicación do profesorado ás actividades docentes, o reitor di que se nomeou unha comisión mixta formada por representantes da CRUE e do Ministerio de Educación para desenvolver as bases do réxime xeral as que fai referencia o decreto-lei, que na súa elaboración valoráranse os informes achegados dende as comunidades autónomas. O reitor opina que hai cuestións problemáticas que van ata en contra da mesma *ratio* do decreto-Lei que é a racionalización do gasto público, e que a súa posta en execución podería dar lugar ao efecto contrario, isto é, incremento do gasto. A título de exemplo, preocupa o paso de profesor titular a catedrático, ou o silencio sobre como valorar a produtividade do profesorado novo, igualmente a limitación de autonomía universitaria para a implantación do decreto-lei e organizar os seus propios criterios de recoñecemento do traballo do PDI, que é unha reivindicación deste reitor. As universidades son distintas e hai que defender a autonomía universitaria.

O reitor expón que no pasado Consejo de Universidades, celebrado o día 7 de xuño, se lle solicitou ao ministro que, tamén neste punto, aprazase a entrada do decreto-lei e que non fose de aplicación na planificación docente do próximo curso académico. O ministro respondeu que tras a súa publicación o 20 de abril é de inmediato cumprimento. O reitor informa que teremos máis información nas próximas semanas e, en consecuencia, a certeza de se se debe ou non modificar os PODs xa feitos. O reitor recorda que no anterior Consejo de Universidades, que estivo presidido pola secretaria de estado, os reitores votaron en contra do decreto de Becas, polo que se deu informe negativo, pero este informe non é vinculante.

7. Reunión o día 14 de xuño de 2012 de CRUNO e CRUSOE na Universidade de Vigo. O reitor informa que en devandita reunión se analizaron aspectos relativos á súa organización e medidas para dar impulso aos investigadores das 18 institucións que as integran. O reitor di que nunha Europa cada vez máis competitiva, eurorrexións como a de Galicia e o norte de Portugal non teñen a masa crítica suficiente para acadar recursos e visibilidade e é preciso que sexan as macrorrexións as que desenvolvan un papel central. Explicou que para obter visibilidade é preciso ser máis fortes, ter máis masa crítica e desenvolver proxectos comúns e especializados. O reitor di que estes obxectivos foron trasladados polos integrantes da CRUSOE ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, nun encontro mantido unha vez finalizadas as reunións de traballo das conferencias de reitores.

O reitor di que entre os acordos destaca a aprobación dos estatutos da CRUNO (Conferencia de Reitores do Noroeste de España), mentres que no caso da CRUSOE, avanzouse no protocolo para a organización e gobernanza da rede de traballo. Ámbolos dous organismos, explicou o reitor, teñen como obxectivo colaborar para concorrer a programas internacionais de financiamento, e para traballar a prol do desenvolvemento das nosas macrorrexións. Adiantou que se aprobou a elaboración dun plan estratéxico ou folla de ruta, que desenvolverá a CRUSOE. Este documento servirá para dotar de contidos no campo da investigación e da sociedade do coñecemento ás universidades e gobernos da macrorrexión, de maneira que poidamos facilitar as claves para que as nosas rexións poidan deseñar dúas estratexias fundamentais para o seu futuro en Europa. Estas claves son, segundo o reitor,

por unha banda, a especialización de cada comunidade para asinar un contrato-programa con Europa dentro das iniciativas de Rexións Intelixentes. Por outra banda, analizará as vantaxes das alianzas estratéxicas con outras macrorrexións europeas, un tema de especial relevancia, para acadar mellores resultados nas iniciativas conxuntas que se presentaran ás primeiras convocatorias do programa Horizonte 2020. Marcáronse como prioritarios os ámbitos dos Campus de Excelencia Internacional como o mar ou as linguas, así como a automoción, con tres eixos en Vigo, Valladolid e Porto, a nanotecnoloxía ou o envellecemento.

8. Respecto o Campus do Mar, o reitor informa que nesta ocasión non puido comparecer o comisionado do Campus do Mar por atoparse en plena etapa de desenvolvemento do plan de internacionalización, pero que en xullo haberá un informe como punto do orde do día (semestral) e que a partir desa data os informes serán trimestrais.

9. En último lugar, o reitor confirmou que este ano se celebrará un único acto de inicio do curso 2012-2013, que será o conxunto das tres universidades galegas e que terá lugar na Coruña o 7 de setembro. Así, e tendo en conta o escenario de crise económica actual, este ano non haberá apertura propia do curso na Universidade de Vigo, un acto que se celebraba de xeito rotatorio entre os tres campus.

Punto 3. Aprobación, se procede, de criterios da conta de liquidación do “orçamento do exercicio 2011”.

O reitor cede a palabra ao xerente quen expón o que figura non **Anexo I**

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que se deben limitar os entes instrumentais, comprende a existencia da FUVI pero que CUSA e CITE XVI son demasiados.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía, quen di que o único ente instrumental é a Fundación e que a súa existencia vén amparada pola LOU; que CUSA e CITE XVI son sociedades anónimas nas que participa a Universidade. Que, respecto de CUSA, non é o momento de reabrir o debate histórico e hoxe, a súa viabilidade, cumpre a función de vitalizar o propio campus. Respecto de CITE XVI, que é unha sociedade anónima na que participa a Universidade; os resultados positivos aprécianse no propio documento e que están pensando en ampliar as súas instalacións.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen expón o que figura no **Anexo II**.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, da modificación de criterios económicos para a xestión académica.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen informa que de acordo coa proposta que se presenta, o alumnado da Universidade de Vigo disporá o vindeiro curso de ata seis prazos para abonar o importe da matrícula dos seus estudos de grao e mestrado. Di que esta medida ten a finalidade de flexibilizar os pagos e facilitar o impacto que para as familias supón abonar as matrículas nun contexto de crise como o actual. Que dos catro prazos vixentes ata o momento pasan a seis, de xeito que no mes que se ten que realizar a matrícula se abonará o 25% da mesma e entre novembro e marzo un 15% cada mes.

O vicerreitor informa que, xunto á flexibilización no pago das matrículas, se contemplan outras modificación dos criterios económicos para a xestión académica. Teñen como obxectivo evitar a morosidade no pago da matrícula, que aínda que son casos pouco frecuentes hai que darlle unha resposta. Neste sentido, informa que se contemplan accións encamiñadas a penalizar os pagamentos e anulacións de matrícula fóra de prazo. Así, aplicarase unha penalización do 20% por non abonar en prazo as cantidades correspondentes ás taxas académicas. O vicerreitor de Economía e Planificación lembrou que por este concepto a Universidade de Vigo cobrou no 2011 350.000 euros, deixados de pagar en prazo e pendentos de pagamento dende o inicio do curso 2010-2011. No caso das anulacións de matrículas rexistradas fóra de prazo producírase unha penalización de 30 euros.

Apróbase por asentimento a normativa recollida non **Anexo III**.

Punto 6. Aprobación, se procede, de renovación de comisións de servizo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen expón que, visto o informe do Departamento de Economía e Historia Económica da Universidade Autónoma de Barcelona e o informe do Departamento de Fundamentos de Análise Económica e Historia e Institucións Económicas, propón aceptar a petición de prórroga de comisión de servizos a favor do Prof. José María da Rocha Álvarez, para que poida prestar os seus servizos no Departamento de Economía e de Historia Económica da Universidade Autónoma de Barcelona, dende o 15 de setembro de 2012 ata o 14 de setembro de 2013 e con efectos económicos a cargo daquela Universidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de D. Federico Mallo Ferrer como Delegado da Universidade de Vigo na Escola Universitaria de Enfermería-Meixoeiro.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen informa que, de acordo co art. 24 do Regulamento de centros adscritos, propónse a substitución da Prof^a Dña. Teresa Pérez Nieto polo Prof. Federico Mallo como delegado do reitor na Escola Universitaria de Enfermería do Meixoeiro.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da creación de prazas do corpo de profesores Titulares de Universidade.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen sinala que na COAP celebrada o 15 de xuño se deu informe favorable a creación das seguintes prazas:

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Ecoloxía e Bioloxía Animal pola promoción da Prof^a Eva Teira Gonzalez.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Ecoloxía e Bioloxía Animal pola promoción da Prof^a Beatriz Mouriño Carballido.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Ecoloxía e Bioloxía Animal pola promoción do Prof. Alberto Velando Rodríguez.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Química Analítica e Alimentaria pola promoción da Prof^a Raquel Rial Otero.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Química Analítica e Alimentaria pola promoción da Prof^a Ana María Torrado Agrasar.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Química Física pola promoción da Prof^a Isabel Pastoriza Santos.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Química Física pola promoción do Prof^a Jorge Pérez Juste.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Química Orgánica pola promoción da Prof^a Olalla Nieto Faza.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Máquinas e Motores Térmicos pola promoción do Prof. David Patiño Vilas.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Enxeñaría Química pola promoción da Prof^a Ana Belén Moldes Menduiña.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Enxeñaría Química pola promoción da Prof^a Ana María Rodríguez Rodríguez.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Enxeñaría dos Materiais pola promoción da Prof^a María Consuelo Pérez Vázquez.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Enxeñaría Telemática pola promoción do Prof Miguel Rodríguez Pérez.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Teoría do Sinal e da Comunicación pola promoción da Prof^a Soledad Torres Guijarro.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Linguaxes E Sistemas Informáticos pola promoción do Prof. Daniel González Peña.

Apróbase por asentimento.

- Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Organización de Empresas pola promoción do Prof. Jesús García Arca.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, do calendario de aprobación de modificacións de titulacións de grao para a súa implantación no curso 2013/14.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen sinala que o calendario que se somete a aprobación ten unha estrutura semellante ao do ano anterior; que a remisión da documentación e informes da memoria modificada do título máis o acordo da Xunta de Titulación ou da Xunta de Centro, debe ser remitida á Vicerreitoría de Organización Académica polo secretario da Xunta de Centro ou de Titulación antes do 28 de setembro de 2012.

Apróbase por asentimento o calendario recollido no **Anexo IV**.

Punto 10. Instrucións sobre o documento da Consellería de Educación relativo á aplicación da regulación contida no Decreto 222/2011 de 2 de decembro e na Orde de 20 de marzo de 2012 sobre ensinanzas universitarias oficiais no SUG.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa de que con data 11 de xuño se recibiron as instrucións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, relativas á aplicación da regulación contida no Decreto 222/2011 de 2 de decembro e na Orde de 20 de marzo de 2012 sobre ensinanzas universitarias oficiais no SUG, relativo a implantación progresiva de novas titulacións.

A vicerreitora informa que o apartado sexto da citada instrución se refire á implantación progresiva de novas titulacións e establece que a implantación de novas titulacións nos cursos 2013/2014 e 2014/2015 se centrará:

a) Na adecuación dos programas de doutoramento ao Real Decreto 99/2011.

b) Na reorganización de titulacións de máster para a súa adecuación aos requisitos esixidos no Decreto 222/2011.

c) Na posible implantación de graos que xurdan dunha fusión ou reorganización da actual oferta de títulos de grao ou contribúan ao equilibrio territorial.

A vicerreitora di que no Consello de Goberno de 24 de maio de 2012 foron aprobados os calendarios e procedementos para aplicación do establecido na instrución sexta nos apartados a) e b), relativos a doutoramento e máster.

No que se refire ao apartado c) a vicerreitora propón que de acordo coas citadas instrucións se adopte o seguinte acordo:

1. Como norma xeral non se implantarán novas titulacións de grao no curso 2013/2014.

2. Excepcionalmente, as posibles declaracións de interese sobre propostas de títulos de grao que xurdan dunha fusión ou reorganización da actual oferta de

títulos de grao ou contribúan ao equilibrio territorial, deberán ser aprobadas nunha xunta de centro ou de titulación e remitirse á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións antes do día 12 de xullo de 2012.

Na declaración de interese debe figurar a seguinte información:

- Denominación do título.
- Necesidade, interese, obxectivos e viabilidade da proposta.
- Centro de impartición.
- Departamentos que poderían participar na docencia.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, da Normativa de creación de Empresas da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia e Coñecemento, quen informa que a Universidade de Vigo contaba coa “Normativa de creación de empresas de base tecnolóxica da Universidade de Vigo”, aprobada en Consello de Goberno na súa sesión de 19 de novembro de 2009. Di que a entrada en vigor no 2011 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, introduce novos cambios que flexibilizan as esixencias para a creación de empresas baseadas no coñecemento, co obxectivo de potenciar e facilitar a súa creación. Sinala, que esta lei introduce o concepto xenérico de Spin-off, e xa non é imprescindible que sexa exclusivamente do ámbito tecnolóxico. E que tampouco resulta xa necesario que o creador ou creadora da empresa sexa funcionario, senón simplemente investigador da universidade.

Segundo o vicerreitor, ábrese tamén unha nova vía, ademais da prevista xa na disposición adicional 24 da L.O. 6/2001 de universidades, que unicamente esixe a aprobación da creación polo Consello Social sen pasar polo Consello de Goberno.

O vicerreitor informa que esta normativa foi aprobada previamente por unanimidade na Comisión de Investigación, celebrada os días 30 de maio e 14 de xuño de 2012.

Apróbase por asentimento a normativa recollida no **Anexo V**.

Punto 12. Aprobación, se procede, da Normativa de Propiedade Intelectual e Industrial da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia e Coñecemento, quen expón que a Universidade de Vigo contaba ata agora soamente cun “Regulamento de Patentes”, baseado no artigo 20 da Lei de Patentes 11/1986. Di que a Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, que entrou en vigor en 2011, tamén afecta nos seus postulados á propiedade industrial e intelectual das universidades. Que xa non só se consideran as patentes

como propiedade industrial, senón que se amplía o rango de propiedade sobre coñecemento á propiedade intelectual.

O vicerreitor de Transferencia e Coñecemento expón que para poñer en valor e, ao mesmo tempo, protexer os dereitos sobre este patrimonio da nosa universidade, establécese esta normativa, que ten en conta as novas directrices da Lei da Ciencia.

Apróbase por asentimento a normativa recollida no **Anexo VI**.

Punto 13. Aprobación, se procede, da Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa que a normativa que se presenta a aprobación describe as distintas estruturas organizativas nas que se pode desenvolver a investigación na Universidade de Vigo. Di que a investigación colaborativa é un aspecto clave na consecución da excelencia investigadora, contemplada tanto na LOU como na Lei da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 da Xunta de Galicia e nos propios Estatutos da Universidade de Vigo.

A vicerreitora de Investigación expón que a Universidade de Vigo non dispoñía ata o momento dunha normativa detallada centrada nestes aspectos, polo que se viu coa necesidade de desenvolve-la. Así mesmo, que se intentou neste desenvolvemento unha máxima homoxeneidade dentro do posible, coas pautas seguidas no ámbito autonómico.

A vicerreitora di que a normativa establece 3 niveis de organización: os grupos de investigación, as agrupacións de investigación e os centros singulares de investigación. Que os grupos constitúen a unidade fundamental de asociación colaborativa en investigación, e descríbese aquí como se definen os requisitos e o procedemento para a súa constitución, así como as condicións operativas de funcionamento.

Engade que co obxecto de fomentar a cooperación e mellorar a competitividade, preséntase un nivel máis complexo de asociación, as agrupacións estratéxicas, destinadas a favorecer a actividade investigadora interdisciplinar, o aproveitamento óptimo de competencias, recursos e infraestruturas, o acceso a fontes de financiamento e a consecución de maior prestixio. Que se definen 2 tipos de agrupacións, as formadas por investigadores da Universidade de Vigo e as mixtas, nas que poden asociarse grupos e investigadores da Universidade de Vigo e doutros organismos públicos e privados de investigación.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Juan Pou Saracho pregunta se é imprescindible a adscrición dos grupos de investigación a campus, centro, departamento e área, como se indica na normativa.

A vicerreitora de Investigación responde que a asignación a campus, departamento e área era o habitual ata agora; necesaria para ter unha información completa sobre o mapa de capacidades da Universidade; e que a adscrición a centros é necesaria con vistas aos posibles contratos-programa cos centros. Que, en calquera caso, a normativa tamén contempla a

adscripción múltiple en caso de grupos multidisciplinares, polo que este punto non debería supor ningunha dificultade para os grupos.

O profesor Alejandro Pereira pregunta se poden ser compoñentes de grupos de investigación e de agrupacións estratéxicas persoas alleas á Universidade de Vigo.

A vicerreitora de Investigación explica que a normativa contempla 3 tipos de compoñentes dos grupos de investigación: membros (en termos xerais, persoal da Universidade de Vigo con vinculación estable, e categorías profesionais que se especifican de modo máis preciso no texto), persoal de apoio (tamén en termos xerais, persoal contratado temporalmente) e colaboradores (ídem, persoas de outras institucións, que podan colaborar con grupos de investigación da Universidade de Vigo e que contén coa autorización das súas institucións de orixe). No caso das agrupacións estratéxicas mixtas, pódense incluír investigadores e grupos de investigación doutras institucións, baixo as condicións específicas definidas nos correspondentes convenios aos que se fai referencia na normativa.

O profesor Jaime Alonso pregunta se é posible a adscripción múltiple a áreas no caso de grupos multidisciplinares, que non era posible coa normativa existente ata agora.

A vicerreitora de Investigación responde que efectivamente isto se contempla na normativa.

Apróbase por asentimento a normativa. **Anexo VII**

Punto 14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Oceanografía (Academia das ciencias de Polonia) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto de Oceanografía (Academia das ciencias de Polonia) para estadía de investigación – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Privada Antenor Orrego (Perú) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Federal do Pará (Brasil) – 1º Termo adicional ao acordo de cooperación e colaboración para o desenvolvemento científico e tecnolóxico que entre si celebran a Universidade Federal do Pará e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad del Museo Social Argentino (UMSA) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad del Museo Social Argentino (UMSA) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Institut Supérieur de l’Aéronautique et de l’Espace (ISAE) – Convenio de cotutela internacional de tese entre a Universidade de Vigo e o Institut Supérieur de l’Aéronautique et de l’Espace (ISAE) – Convenio de colaboración entre a Universidade do Minho e a Universidade de Vigo para a aprobación do plan de estudos de posgraio interuniversitario Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma de Sinaloa (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Autónoma de Sinaloa (México) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Luterana do Brasil – Convenio específico de colaboración entre a

Universidade de Vigo (España) e a Universidade Luterana do Brasil para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Técnica Superior de Xalapa S.C. (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Técnica Superior de Xalapa S.C. (México) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Universidade de Vigo para a impartición de cursos de linguas modernas – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of South Carolina – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of South Carolina para recibir un investigador postdoutoral.

Apróbanse por asentimento.

Punto 15. Rogos e preguntas.


Intervén o Señor Federico fernández para facer valoración sobre o proceso de negociación da RPT dos PAS laboral

Intervén o profesor Manuel Gutiérrez para dicir que tendo en conta o art. 45.4 do RD 1892/2088: *“ninguna universidad pública podrá dejar vacantes plazas previamente ofertadas, mientras existan solicitudes para ellas, formalizadas dentro de los plazos establecidos”*, o que roga é que se unha vez que a CIUG cerra o proceso xeral de admisión para matricularse, e se se dá de baixa un alumno por obter praza noutra titulación ou universidade, ou por calquera outro motivo quedando a praza vacante, que a Universidade estableza os mecanismos necesarios para que se convoque dende a Universidade ao seguinte da lista.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:25 horas do día 19 de xuño de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor

 Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

 M^a. Inmaculada Valeije Álvarez